



CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 70 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, unha vez inscrita no Rexistro de Planeamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Urbanismo por Resolución de data 29/12/2020 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, faise pública a normativa e a ordenanza da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Chantada, para a redelimitación do núcleo rural de Alemparte, parroquia de Mariz, municipio de Chantada, (Lugo), -novembro 2020-, aprobada provisionalmente por acordo plenario de data 18 de xuño de 2020, e definitivamente pola Consellería citada con data do 6 de novembro de 2020 (DOG n.º 249 do 11/12/2020) sendo como seguen:

ORDENANZA e NORMATIVA:

A) ORDENANZA:

CAPITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.-Ámbito de aplicación e características

As condicións establecidas neste Título, serán de aplicación ao ámbito do núcleo rural de Alemparte.

Artigo 2.-Tipos básicos de núcleo rural

De conformidade co establecido no Art. 23 LSG, concordante co establecido na Memoria da presente modificación puntual, o núcleo rural de Alemparte clasifícase nos seguintes tipos de núcleo rural:

1.-NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. Está integrado por unha zona homoxénea NRT- Zona Tradicional.

Artigo 3.-Abreviaturas

As abreviaturas, por orde alfabético, utilizadas na presente Ordenanza son as seguintes:

LASB	Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
LSG	Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
RLSG	Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
NHG	Decreto 29/2010, de 4 de Marzo, polo que se aproban as Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
LCG	Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.
RASB	Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aprueba o regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia..
LPCG	Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

CAPITULO II.- ACTUACIÓNS NOS NÚCLEOS RURAIS

Artigo 4.- Actuacións permitidas

1.-Nos tipos básicos dos núcleos rurais, de conformidade co establecido no Art. 25 LSG permitiranse, previa licenza municipal e sen necesidade de autorización autonómica previa, as seguintes actuacións:

a) Obras de conservación e restauración das edificacións existentes, sempre e cando no supoña variación das características esenciais do edificio, nin alteración do lugar.

b) Obras de rehabilitación e ampliación en planta ou altura das edificacións existentes que non impliquen variación da súa tipoloxía, permitíndose a adición dunha planta ata a altura de cornixa de 7 metros.

c) Novas edificacións.

d) Obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non supoñan variación as características esenciais do edificio, nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria.

2.-As actuacións permitidas nos núcleos rurais destinadas a vivenda cumprirán, ademais, las condiciones establecidas en las NHV-2010, en las de nova planta e sempre que sexa posible en las de reforma e ampliación.

Artigo 5.-Obras de derribo e demolición

1 De conformidade co disposto no Art. 26 LSG, no interior dos tipos básicos de núcleos rurais queda prohibido o derribo ou demolición das construcións existentes, excepto nos seguintes supostos:

a) Naquelas construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

b) Todos los engadidos que desvirtúen a tipoloxía, forma e volume de calquera edificación primitiva, ou que polos materiais neles empregados supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou nel sexan propios do asentamento rural tradicional.

2 Nos supostos previstos anteriormente, solicitarase licenza de demolición acompañando ao proxecto técnico un estudo xustificativo e motivado do cumprimento e veracidade das circunstancias que concorren, de acordo co especificado anteriormente.

Artigo 6.-Actuacións incompatibles

1 En calquera dos tipos básicos de núcleos rurais, de conformidade co disposto no Art. 26 LSG, prohíbense as seguintes actuacións:

a) As edificacións características das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.

b) As parcelacións que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

c) As naves industriais.

d) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean contemplados no PXOM, así como a ampliación dos existentes e o derribo de muros tradicionais dos barrios ou sendeiros salvo disposición contida na presente MP que o autorice.

f) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, excepto as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

2 Sen prexuízo do disposto no apartado 1 anterior, nos núcleos tradicionais, estarán prohibidas, así mesmo, as seguintes:

a) As vivendas apegadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

b) Os novos tendidos aéreos que poidan afectar a edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que poidan afectar á seguridade pública. Todo isto sen prexuízo de que a administración encargada da aprobación da presente modificación proporcione unha solución alternativa que garanta a dispoñibilidade de canalizacións ou outros recursos necesarios para despregar as redes en condicións viables desde o punto de vista técnico e económico.

c) A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución de valores que xustificaron a súa clasificación.

Artigo 7.-Edificacións existentes de carácter tradicional

1 As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo rural poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.

2 Previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos de aplicación salvo o límite de altura, permitirase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación incluso en volume independente, sen superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional.

3 En calquera caso, haberán de manterse as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

CAPITULO III.- CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN, USO E INFRAESTRUTURAS

SECCIÓN 1ª.- Núcleo Rural Tradicional

Artigo 8.-Ámbito de aplicación

As condicións que se establecen nesta Subsección serán de aplicación no ámbito do Núcleo Rural Tradicional, grafado nos planos de ordenación coa denominación NRT.

Artigo 9.-Tipoloxía das edificacións

1 As novas edificacións manterán a tipoloxía ou tipoloxías das edificacións existentes no núcleo rural, podendo apegarse ou recuarse as outras construcións, de acordo coas características e condicións que se establecen no apartado 2 seguinte.

2 Dado o predominio da tipoloxía de vivenda unifamiliar exenta nos núcleos rurais, adóptase con carácter xeral dita tipoloxía edificatoria. Porén, permitirase o apego nos seguintes casos:

a) Nas zonas tradicionais dos núcleos rurais nas que exista edificación principal apegada a colindante que presente medianeira. Neste caso será obrigatorio o apego e se esta particularidade se dese en ambos lindes da parcela, a nova edificación levantarase entre as dúas medianeiras, sempre que se presente estudo xustificativo da solución adoptada, o cal deberá axustarse na medida do posible ao carácter rural das edificacións existentes na súa forma, volume e tipoloxía.

b) Tamén se permitirá a construción de novas vivendas apegadas cando se xustifique a súa existencia no núcleo rural correspondente, sempre que respondan a proxecto conxunto, contén con características similares e se coloquen en continuidade en non máis de tres unidades.

Artigo 10.-Condicións de parcela

1 A parcela mínima edificable non será inferior a 600 m², cunha fronte mínima a camiño público de 12 metros, salvo casos excepcionais debidamente xustificados de parcelas inferiores localizadas entre outras xa edificadas que imposibiliten alcanzar a dimensión de parcela mínima, en espazos delimitados por camiños ou nos casos de edificacións existentes.

2 Autorizaranse dimensións menores de parcela, cando a mesma se reduza por cesión de terreo ao Concello para a apertura ou regularización do viario.

Artigo 11.-Condicións de posición

1 LIÑAS DE PECHE: Nas travesías das Estradas da Deputación que atravesen núcleos rurais tradicionais, as liñas de peche definiranse, polo organismo titular da estrada e, como no resto as liñas de edificación e, no seu caso, de peche defínense polas “aliñacións oficiais” grafadas nos correspondentes planos de ordenación

2 RECUADOS DAS EDIFICACIÓNS

a) A VÍAS. Para a Estrada da Deputación, as edificacións recuaranse, como mínimo, 3 metros da liña de peche sempre que esta distancia non sexa inferior á liña de edificación establecida no Artigo 21 da presente normativa. Nas demais vías e rúas, as novas edificacións separaranse, como mínimo, 3 metros das aliñacións establecidas nos Planos de Ordenación. Exceptúanse as novas edificacións que poidan pegarse ás edificacións existentes, por aplicación do establecido neste Título.

b) A LINDEIROS. As novas edificacións separaranse, como mínimo, 3 metros do lindeiro posterior e dos lindes laterais, salvo nos casos que se esixa apego. Os recuados establecidos non poderán ser sobrepasados por ningún elemento saínte da edificación como voos, escaleiras exteriores, etc., salvo os beirados de cuberta de ata 0,50 metros.

Artigo 12.-Condicións de volume

1 CONDICIÓN XERAIS

a) O volume máximo das novas edificacións será similar ao das edificacións tradicionais existentes. No caso no que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade, deberá descomporse en dous ou máis volumes conectados entre si, co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías tradicionais propias do núcleo rural.

b) En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre o paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

2 OCUPACIÓN: O 40% da superficie neta de parcela non podendo superar os 150 metros cadrados de superficie ocupada pola edificación principal.

3 EDIFICABILIDADE MÁXIMA SOBRE PARCELA NETA: 0,70 m²/m².

No índice de edificabilidade antes fixado inclúese o aproveitamento baixo cuberta.

4 ALTURA DA EDIFICACIÓN

a) A altura da edificación non excederá de planta baixa e planta piso, con altura máxima de cornixa de 7 metros, medidos no centro da fachada principal desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da cuberta, debendo achandarse o terreo mesmo con abancalamientos de 1,50 metros de altura máxima e ancho mínimo de 3 metros, con obxecto de evitar alturas superiores aos 7 metros a cornixa en todas as fachadas.

b) Respectando a altura máxima de 7 metros establecida anteriormente, a altura da planta baixa non poderá superar os 3,50 metros e das plantas piso os 3,00 metros, considerándose a altura comprendida entre a cara superior da placa e a cornixa como espazo baixo cuberta con posibilidade de iluminación e ventilación polos testeiros e polas ventás inclinadas instaladas na cuberta.

5 CUBERTAS. En atención o artigo 91 LSG, as cubertas das edificacións cumprirán as seguintes condicións:

a) Terán unha pendente igual ou inferior á media das pendentes das cubertas existentes no correspondente núcleo rural, sen superar en ningún caso os 40°, e estará formada por planos continuos sen crebo nas súas vertentes.

b) Permítese o aproveitamento baixo cuberta para usos vividoiros como prolongación da vivenda inferior, recibindo iluminación e ventilación polos testeiros e polas ventás inclinadas situadas no plano das vertentes das cubertas, sempre que se cumpran as dimensións establecidas nas NHV-2010 para usos vividoiros.

c) Agás en casos debidamente xustificadas e previa autorización preceptiva do Concello, o material preferente a utilizar na final da cubrición será a lousa, aínda que, en casos debidamente xustificadas e previa autorización preceptiva do Concello, poderase optar por outro material evitando en calquera caso os tons excesivamente chamativos e que non se adapten ao ámbito no que se atopan.

d) Quedan prohibidas as mansardas ou bufardas.

6 SOTOS E SEMISOTOS

a) Permítese os sotos cuxa planta non exceda da autorizada para a vivenda, salvo que se xustifique a súa ampliación en atención ás necesidades agrarias, de almacenamento e conservación de produtos do campo, aparcadoiro de vehículos e maquinaria ou outros elementos vinculados ao uso de vivenda compatibles co residencial.

b) Os sotos e semisotos que excedan nalgún dos seus puntos máis de 1,00 metro, sobre a cota natural do terreo ou sobre a rasante da vía a que dea fronte deberán aterrarse de forma ordenada, co fin de evitar o impacto visual.

c) Os sotos e semisotos cumprirán en todo caso as condicións xerais establecidas na Normativa do PGOU e a súa ocupación non poderá rebasar a da edificación principal

Artigo 13.-Condicións hixiénico-sanitarias

1 En aplicación do artigo 332 do RLS, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos usos que se destinen e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.

2 O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

3 As edificacións existentes e as súas instalacións utilizaranse adecuadamente de conformidade co destino do seu uso e os propietarios e usuarios porán en coñecemento dos responsables do mantemento calquera anomalía que se observe no funcionamento normal da edificación que deberá conservarse en bo estado mediante un adecuado mantemento en relación o sistema estrutural, de salubridade, e seguridade dos seus usuarios. Estas labores de mantemento abarcarán:

a) O control periódico do sistema estrutural que permitan verificar a aptitude para o servizo e a seguridade para as persoas.

b) O control periódico do estado dos muros, fachadas, solos, e cubertas da edificación de cara a verificar posible aparición de fisuras, correcto funcionamento do sistema de evacuación de auga ou a rede de drenaxe garantindo a seguridade salubridade do inmovible.

4 As condicións dos terreos e os seus peches se axustarán ás seguintes condicións:

a) A totalidade das parcelas deberán manterse en perfecto estado de limpeza e uso e manter o terreo non edificado da parcela libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada

b) As parcelas non edificadas e calquera outro terreo que indique o Concello mediante resolución motivada deberán cercarse con peche permanente, situado na aliñación oficial e fabricado con materiais que garantan a súa estabilidade e conservación. Sendo obrigatoria unha porta de acceso ao interior.

c) Nos remates dos peches se prohibirá a utilización de arames de espiño, cristais, ou outros elementos que poidan supor perigo para a integridade física das persoas.

Artigo 14.-Condicións de estética

1 As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal sentido, para o acabado das edificacións, empregárase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificádos pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais da contorna.

2 Os peches das parcelas estarán en consonancia cos tradicionais existentes no correspondente núcleo rural. Cando o peche ou valado de leiras sexan de elementos opacos ou de fábrica terán unha altura máxima de 1,00 metro, podendo pasarse esta altura até 1,50 metros con materiais diáfanos, acordes cos existentes no núcleo, así como con peches vexetais.

3 Os canlóns e baixantes das edificacións non presentarán molduras e construíranse con chapa metálica (zinc, cobre...) con acabado mate e sección preferentemente circular.

4 As carpintarías e ocos serán dos materiais, cores e configuracións existentes na contorna. Os elementos de escurecemento serán preferentemente mediante contras de madeira, non permitíndose en ningún caso as persianas exteriores.

5 No relativo aos beirados serán acordes coa tipoloxía tradicional existente e non superarán os 30 centímetros a contar desde o plano de fachada. En ningún caso permitirase que exceda do plano de fachada elementos estruturais de formigón, nin cornixas, molduras ou elementos decorativos, prolongándose, de ser o caso, unicamente o material de cubrición.

6 De facerse novos remates de chemineas estes deberían harmonizar cos tipos tradicionais existentes.

Artigo 15.-Edificacións auxiliares e invernadoiros

1 Nos núcleos rurais poderá permitirse a execución de construcións auxiliares apegadas á vivenda, con uso exclusivo de garaxe aparcadoiro de vehículos e apeiros de labranza, sistemas de calefacción e auga quente e aquelas outras vinculadas á actividade rural. O tratamento exterior das edificacións auxiliares será igual ao da vivenda principal, sen que a súa superficie de cada edificación poida exceder de 40m² e altura ao beirado do tellado non superior a 3 metros.

2 En parcelas que excedan o dobre da superficie mínima esixida, poderán autorizarse edificacións auxiliares exentas para os mesmos fins, sempre que se sitúen ao fondo da parcela e cos recuados mínimos de 3 metros a lindeiros.

3 Tamén poderán instalarse na mesma posición invernadoiros con destino exclusivo a uso agrario, sempre que se constrúan con materiais lixeiros e facilmente desmontables, salvo os zócalos de ata 0,60 metros de altura, e rematados con condicións estéticas acordes coas demais edificacións do seu contorno.

4 En parcelas con superficie superior a 1.500m² que linden con solo rústico, poderán executarse próximas a este linde e con recuado de 3 metros, construcións destinadas a pequenas instalacións pecuarias para uso ou consumo propio (cabalos, coellos, galiñas, etc.) sempre que a súa permanencia non cause molestias aos demais veciños.

5 As áreas de xogo poderán instalarse en calquera lugar da parcela sen gardar recuados.

6 As piscinas poderán instalarse en calquera lugar da parcela gardando un mínimo de 3 metros a cada lindeiro.

Artigo 16.-Condicións de uso

1 USO CARACTERÍSTICO: Residencial

2 USOS COMPLEMENTARIOS: Os vinculados ás actividades agropecuarias e forestais como galpóns, alpendres, adegas, pequenas construcións destinadas a usos gandeiros para autoconsumo, invernadoiros con destino á produción agraria (sempre que a súa construción sexa a base de materiais lixeiros facilmente desmontables).

3 USOS COMPATIBLES: establécense como usos compatibles os seguintes:

a) USO INDUSTRIAL:

· Indícanse con exemplo: Talleres artesanais, talleres auxiliares de construción (carpintaría, electricidade, fontanería, calefacción, etc.), talleres de reparación, mantemento e limpeza de automóviles e de maquinaria agrícola e de xardinaría.

· Prohíbense as naves industriais

b) USOS TERCIARIOS: Comerciais (tendas de alimentación e de produtos de primeira necesidade e similares) servizos (barbarías e similares), oficinas (despachos profesionais vinculados á vivenda do titular, oficinas de servizos técnicos, oficinas bancarias e similares), almacén e venda (produtos do campo, abonos, fertilizantes, etc.), hostalaría (bares, restaurantes, etc.), hoteleiro (hostais, casas de turismo rural, cámping, etc.).

c) USO DOTACIONAL DE EQUIPAMENTO: Docente (gardarías, ensinos de preescolar, primaria e secundaria, Institutos de bacharelato), Sanitario e asistencial (centro de saúde, residencias 3ª idade, clínicas veterinarias para animais domésticos e similares), sociocultural (casas de cultura e similares), relixioso (igrexas, capelas, etc.), equipamentos institucional (servizos oficiais das administracións públicas como cámara agraria, correos, etc.), servizos de abastecemento como mercado gandeiro, etc.), funerario (cemiterio, tanatorio)

d) USO DOTACIONAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES: Os espazos libres e zonas verdes existentes e previstos nos núcleos rurais están constituídos, en xeral, por espazos libres (prazas), campos de festa e áreas recreativas que frecuentemente aparecen vinculadas ás marxes dos ríos. No deseño e composición destes espazos teranse en conta o seu carácter rústico.

SECCIÓN 2ª.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

Artigo 17.-Conceptos e condicións xerais

1 Enténdese por infraestruturas de servizos as construcións, instalacións e espazos asociados, destinados aos servizos de abastecemento de auga, evacuación e depuración de augas residuais, subministro de enerxía eléctrica, gas e telecomunicacións

2 A efectos de aplicación do RASB e da OVIV, considéranse elementos de urbanización calquera compoñente das obras de urbanización, entendendo por estas as referentes á pavimentación, xardinería, saneamento, redes de sumidoiros, iluminación, redes de telecomunicación e redes de subministro de auga, electricidade, gases e aquelas que materialicen as indicacións contidas no presente PXOM.

3 Os elementos de urbanización integrados en espazos de uso público posuirán con carácter xeral unhas características de deseño e execución tales que non constitúan obstáculo á liberdade de movementos das persoas con limitacións e mobilidade reducida, debendo ademais no seu caso axustarse ás condicións de adaptación establecidas na base 1.2 do código de accesibilidade do RASB e na OVIV.

4 De conformidade co establecido nos Arts. 24.5, para edificar no ámbito dos núcleos rurais, deberán cumprirse as seguintes condicións de infraestruturas:

a) Executar a conexión coas redes de servizos existentes no núcleo rural ou nas proximidades.

b) No caso de non existir redes de servizos, deberán resolverse por medios individuais, con cargo ao promotor da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

5 Cando se pretenda construír novas edificacións ou substituír as existentes nos núcleos rurais, por aplicación das condicións establecidas neste Título, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso e executar, á súa costa, a conexión cos servizos existentes no núcleo (Artigo 24.6.a) LSG).

6 Para a execución de calquera obra en zona de policía de cauces é necesaria a obtención da correspondente autorización de obras do Organismo de conca.

7 Para a concesión de licencia ou autorización de calquera clase de edificacións ou instalacións deberá garantirse a dispoñibilidade de sistemas de abastecemento de auga e de evacuación e tratamento de augas residuais, así como que ditos sistemas dispoñan da respectiva autorización de aproveitamento de augas e de vertido outorgadas pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

8 Os sistemas de depuración e outros que se executen en núcleos existentes deberán obter a autorización de vertido correspondente ante o Organismo de conca para a obtención de licencia de obra.

9 Nos solos clasificados sobre zona inundable no se poderá outorgar licencia algunha nas zonas afectadas pola lámina de inundación da avenida de 500 anos, en tanto non quede garantido o cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, respecto á zona de fluxo preferente e se dea cumprimento ás determinacións establecidas nos artigos 57 e 58 do Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil aprobado polo Real Decreto 285/2013 de 19 de abril.

Artigo 18.Abastecemento de auga

1 CONDICIÓN: Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, o abastecemento de auga cumprirá as condicións previstas no “Regulamento do Servizo Municipal de Auga e Saneamento” e nas “Normas Técnicas para as Instalacións de Abastecemento e Saneamento” do Concello, así como as condicións xerais que se establecen nos apartados seguintes:

a) A dotación mínima de auga potable en zonas residenciais será a establecida no DB-HS 4 do CTE.

b) O consumo máximo para o cálculo da rede obterase multiplicando o consumo diario medio por 2,5.

c) En tódolos casos deberá existir a presión adecuada para un normal abastecemento. A falta de presión na rede deberá ser substituída con medios idóneos para que poidan estar debidamente dotadas as vivendas máis elevadas, de igual forma, disporanse válvulas redutoras no caso de que se prevexan sobrepresións na rede.

d) Deberá preverse un hidrante de 100 mm, por cada 12 Has.

2 CRITERIOS. Nestas obras deberán cumprirse os criterios recollidos nas “Normas Técnicas para as instalacións de Abastecemento e Saneamento” do Concello que se refiren aos aspectos contidos nos apartados seguintes.

3 REQUISITOS PREVIOS Á EXECUCIÓN.

a) Será necesario un informe detallado para o cálculo das necesidades de subministro: plano de ordenación incluíndo zonificación, usos, parcelación, altura de edificación, densidade de poboación, trazado viario e outros espazos públicos. Perfís lonxitudinais e transversais tipo da rede viaria e plano altimétrico da zona.

b) Cos datos citados, a Oficina Técnica Municipal, por medio do Servizo Municipal de augas comunicará ao promotor da Urbanización o punto no que se debe efectuar a conexión á rede xeral de abastecemento, caudal e presión dispoñible no punto de toma e elaborará un informe sobre o esquema previsto da rede de distribución interior da urbanización. Unha vez revisada e aprobada polos Servizos Técnicos Municipais a rede instalada, o persoal do Servizo Municipal de augas realizará as conexións á rede de abastecemento existente con cargo ao promotor.

c) Se non existe rede municipal de abastecemento na zona, o promotor presentará o estudo da situación da captación, potabilidade da auga e percorrido previsto para a condución de alimentación ao depósito regulador, situación das instalacións subterráneas como electricidade, iluminación, gas, telefonía, rede de sumidoiros e drenaxe. O proxecto e a posterior instalación serán revisados e aprobados no seu caso polos Servizos Técnicos Municipais.

4 EXECUCIÓN E ORGANIZACIÓN. Aquí recóllense os criterios técnicos que é preciso seguir á hora de executar calquera obra de abastecemento, faise referencia á execución das gabias, a colocación da canalización, as conducións, pezas especiais e accesorios e contadores.

5 CONTROL E ACEPTACIÓN

a) Os controis de execución e as probas de presión que se definen neste apartado das Normas Técnicas serán realizadas por Organismos de Control Autorizados (OCA) ou polo servizo municipal de augas sendo os gastos correspondentes con cargo ao promotor.

b) Á finalización das obras e unha vez superada a proba, entregarase ao servizo municipal de augas unha copia do plano definitivo das instalacións no que figurarán ademais do percorrido das canalizacións, o resto da información da instalación: tipo de material, diámetro, timbraxe, situación de chaves de corte, ventosa, redutora de presión, etc.

6 MEDIOS INDIVIDUAIS: No caso de non existir redes de servizos, deberán resolverse por medios individuais, con cargo ao promotor da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos. Os sistemas individuais cumprirán as seguintes condicións:

O abastecemento de auga poderá ser por captación individual sempre que se garantice unha dotación mínima de auga potable de 50 litros por habitante e día, cun mínimo de 200 litros/día, de acordo co disposto nas NHG.

Artigo 19.-Saneamento e rede de sumidoiros

1. CONDICIÓN XERAIS

O saneamento cumprirá as condicións previstas no “Regulamento do Servizo Municipal de Auga e Saneamento” e nas “Normas Técnicas para as Instalacións de Abastecemento e Saneamento” do Concello, así como as condicións xerais que se establecen nos apartados seguintes:

2. CONDICIÓN DAS REDES

As redes de evacuación de auga e saneamento cumprirán as seguintes condicións:

a) Velocidade das augas: Entre 0,5 e 3 m. /seg.

b) Sección mínima: 0,3 m. de diámetro.

c) Disporanse cámaras de descarga automática en cabeceira.

d) Pozos de rexistro: Serán visitables e disporanse nos cambios de dirección, e como máximo cada 50 metros nos tramos rectos.

3. OUTRAS CONDICIÓN. En relación cos vertidos será de estrita aplicación as determinacións do RDL 1/2001 e o R.D. 849/1986.

4. No caso de non existir redes de servizos, deberán resolverse por medios individuais, con cargo ao promotor da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos. Os sistemas individuais cumprirán as seguintes condicións:

a) O saneamento poderá resolverse por medios individuais, de maneira que se garanta a non contaminación do medio natural. A estes efectos e no caso de vivendas, o tratamento das augas residuais axustarase, como mínimo, aos sistemas que a tal fin se describen na Norma Tecnolóxica da Edificación NTE-ISD de 1974, ou calquera outra que a substitúa.

b) Os pozos absorbentes destas instalacións deberán gardar, como mínimo, as seguintes distancias:

- Vinte metros de calquera pozo de captación de auga.
- Cinco metros da edificación principal.
- Cinco metros dos lindeiros, salvo no caso de que sexa común ou adosada coa do colindante.

Artigo 20.-Enerxía eléctrica e iluminación pública

1 Todo proxecto de urbanización xustificará que se dispón do contrato de subministro coa empresa eléctrica, na potencia necesaria para cubrir a futura demanda de enerxía.

2 A dotación mínima segundo usos será a de 5.750w por vivenda: 5.750 W.

3 Todas as novas instalacións por cable necesarias realizaranse seguindo os tendidos xa existentes e sempre que sexan técnica e economicamente viables de forma soterrada.

4 Co fin de substituír as instalacións aéreas existentes de forma progresiva, o concello de Chantada poderá realizar os convenios oportunos coas compañías subministradoras.

5 Tódalas vías públicas deben ter, como mínimo, as iluminacións e uniformidades sobre a calzada que se indican a continuación:

c) Vías arteriais: 30 luxes e uniformidade 0,5.

d) Vías principais de circulación: 15 luxes e uniformidade 0,3.

e) Restantes vías: 15 luxes e uniformidade 0,2.

6 A altura dos puntos de luz non será superior a 10 metros e as luminarias empregadas serán de fotometría regulable.

SECCIÓN 3ª REDE VIARIA

Artigo 21.-Regulación

1 ÁMBITO DE APLICACIÓN. As presentes normas serán de aplicación aos tramos das estradas que atravesan os núcleos rurais, así como ao resto do viario dos núcleos rurais.

2 LIÑAS DE EDIFICACIÓN E CERRAMENTO. Tanto el tramo da estrada da deputación que atravesa o núcleo rural, como no resto do viario do núcleo as liñas de peche defínense polas "aliñacións oficiais" grafadas nos correspondentes planos de ordenación.

A aliñación marcada nos planos de planificación da estrada provinciais respecta o límite de 6 metros ou eixo da vía indicado como criterio xeral, respectando en todos os casos as reducións requiridas a efectos de cumprir o indicado no artigo 26.e) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia que indica como acción incompatible no solo de núcleo rural a demolición das construcións existentes. En calquera caso, si se solicita a construción dunha nova edificación pola perda de valores que dera lugar á súa protección, debe solicitarse un informe perceptivo da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e do servizo de Obras da Deputación de Lugo, que establecerá unha distancia non inferior a 6 metros do eixe viario para a realización dun novo peche e 9 metros para a nova construción.

3 ACCESOS. Nas estradas provinciais quedan prohibidos os novos accesos, debendo realizarse estes a través doutras vías locais existentes ou proxectadas.

4 CONDICIÓN DE ADAPTACIÓN. En aplicación das disposicións contidas na LASB e no RASB, o viario dos núcleos rurais cumprirá as condicións de adaptación esixidas no Art. 15 do RASB. Non obstante cando as características morfolóxicas das edificacións e rúas preexistentes ou a orografía dificulten creación de itinerarios peonís adaptados, poderán admitirse, de conformidade co disposto no Art. 16.6 do citado regulamento, substitucións por itinerarios mixtos que cumprirán as condicións establecidas no Art. 16º.4 do RASB.

CAPITULO IV.- PATRIMONIO CULTURAL

SECCIÓN 1ª.-DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 22.-Ámbito de aplicación

As Normas de Protección serán de aplicación a tódolos bens de interese artístico, histórico arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico, aos conxuntos urbanos, lugares etnográficos, xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan valor artístico, histórico ou antropológico, comprendidos no núcleo rural de Alemparte.

Artigo 23.-Normativa de aplicación

Ao patrimonio cultural seralle de aplicación a lexislación e normativa seguintes:

1 Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG)

2 Decreto 22 de abril de 1949 polo que se protexen os castelos.

3 Decreto 571/1963, de 14 de Marzo, polo que se protexen os cruceiros, escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico e artístico, con antigüidade de máis de 100 anos.

4 Decreto 449/1973 de 22 de febreiro polo que se colocan baixo a protección do Estado os Hórreos e Cabazos existentes en Asturias e Galicia con máis de 100 anos (PHC).

5 Lei 16/1985, de 25 de xuño do patrimonio histórico español (LPHE).

6 Decreto 199/1997 de 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia (AAG).

7 Lei 5/2006 de 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, que declara a conservación dos bens de patrimonio cultural (Muñíos) vinculados aos mesmos, de interese Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (LPRG).

Artigo 24.-Tipos de bens do patrimonio cultural de Galicia

De conformidade co establecido no Art. 8 LPCG, o Patrimonio Cultural de Galicia clasifícase como:

1 BENS DE INTERESE CULTURAL. Serán aqueles considerados como Bens de Interese Cultural (BIC), previa incoación do oportuno expediente. Os bens declarados de interese cultural dentro do núcleo rural de Alemparte os seguintes:

a) Hórreos e escudos amparados polo decreto 449/1973 e 571/1963 e en virtude das disposicións adicionais segunda e primeira das leis 16/1985 e 8/1995 respectivamente. Para definir a antigüidade e así a consideración BIC realizarase un estudo individualizado para cada hórreo.

b) En aplicación do disposto no Art. 47.1 da LPCG, as intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:

- Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.
- As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara ao espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.
- As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.
- A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais.
- As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2 BENS CATALOGADOS. Serán aqueles que se incorporen ao Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

a) En aplicación do disposto no Art. 45.1 da LPCG, na zona de amortecemento poderán realizarse en xeral todo tipo de obras e instalacións fixas ou provisionais e as actividades normais segundo a natureza do solo ou cambiar o seu uso ou destino de conformidade co planeamento sen necesidade da autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, excepto que na declaración ou inclusión singularizada se determine o contrario.

b) Non obstante, polo seu alcance e o risco de deterioración ou destrución dos seus valores culturais derivados da súa implantación territorial, requirirase a autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural nas seguintes intervencións: Grandes explotacións agrícolas, gandeiras ou de acuicultura que deban ser sometidas a trámite ambiental.

- Explotacións extractivas que supoñan unha actividade a ceo aberto do material, as súas instalacións ou entullos.
- Instalacións da industria enerxética como refinarias, centrais térmicas, de combustibles fósiles, hidráulicas, eólicas, solares, nucleares ou de calquera outro tipo de produción, transporte ou depósito.
- Instalacións da industria siderúrxica, mineira, química, téxtil ou papeleira.
- Infraestruturas de transporte e comunicación como estradas, ferrocarril, portos, aeroportos, canles, centros loxísticos ou similares.
- Grandes infraestruturas hidráulicas e de aproveitamento da auga.
- Instalacións de xestión e tratamento de residuos.
- Grandes transformacións da natureza do territorio para a implantación de novos usos.

- Explotacións forestais, agás aquelas que contén cun instrumento de ordenación ou xestión aprobado con informe favorable da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

Artigo 25.-Réxime xeral de protección

1 BENS DE INTERESE CULTURAL

a) A incoación dun expediente de declaración de ben de interese Cultural (BIC), respecto a un inmovible determinará a suspensión das correspondentes licenzas municipais de parcelamento, edificación e demolición nas zonas afectadas, así como dos efectos das xa outorgadas (Art. 17.5 LPCG)

b) As obras que por causa de forza maior, interese xeral ou urxencia, tiveran que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural, despois de que o Consello de Xunta determine a súa prevaenza.

c) Calquera intervención que pretenda realizarse nun inmovible declarado BIC terá que ser autorizada pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, previamente á concesión da licenza municipal.

d) Calquera intervención nun inmovible declarado BIC, terá que ir encamiñada a súa conservación e mellora, de acordo cos criterios establecidos no Art. 44.1 LPCG.

2 BENS CATALOGADOS. Calquera intervención nun inmovible catalogado e no seu contorno, precisará a autorización previa da Consellería de Cultura.

Artigo 26.-Catálogo de protección

1 Os bens do patrimonio cultural e os seus contornos de protección existentes no núcleo rural de Alemparte inclúense no Catálogo da presente modificación.

2 Para cada ben protexido, o catálogo contén unha ficha individualizada na que figuran: clave e referencia en plano, denominación, localización, grao de protección, clasificación de solo, descrición e fotografía/s.

3 O Catálogo terá carácter aberto, sendo susceptible de incorporarse os xacementos ou bens patrimoniais que se descubran con posterioridade á aprobación definitiva da presente MP, en cuxo caso se tramitará a correspondente modificación puntual.

Artigo 27.-Ámbito de protección dos elementos incluídos no catálogo

1 INVENTARIO DE ELEMENTOS CATALOGADOS.

a) Cada elemento incluído no catálogo da presente MP, conta cunha ficha individualizada que contén a súa identificación, localización, descrición das características do elemento e nivel de protección asignado.

b) Os citados elementos e as parcelas en que se sitúan, gráfase nos planos de ordenación.

2 ÁMBITOS DE PROTECCIÓN DOS ELEMENTOS CATALOGADOS

a) Para cada elemento incluído no catálogo da presente MP, delimitáanse os correspondentes ámbitos de protección, que varían en función do tipo de ben protexido e da clasificación de solo en que se sitúa o elemento.

b) A delimitación das correspondentes zonas e áreas de protección, gráfase nos planos de ordenación.

Artigo 28.-Actuacións excepcionais

En cada nivel de protección poderá ser autorizado excepcionalmente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural outro tipo de intervencións distinto ao establecido de forma xeral, en nos casos en que se analicen de forma pormenorizada as características e condicións de conservación do ben e o seu entorno de protección, os valores culturais protexidos e as melloras funcionais, sempre que o proxecto de intervención xustifique a súa su conveniencia en aras de un maior beneficio para o conxunto do patrimonio cultural de Galicia.

Artigo 29.-Condicións de uso

1 Nos edificios catalogados permítense, en xeral, os usos actuais.

2 Tamén se permitirán aqueles usos que supoñan a recuperación dos usos orixinais do edificio e para os que foron proxectados ou construídos, sempre que se xustifique axeitadamente esta circunstancia.

3 A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

4 Os usos dotacionais de equipamento público ou privado situados en edificios comprendidos nos niveis de protección integral e estrutural, non poderán cambiar de uso, salvo que se xustifique que o uso actual supón deterioro dos valores que xustifican a catalogación do ben.

Artigo 30.-Determinación e alcance da protección

1 ALCANCE DA PROTECCIÓN: O ámbito de protección dos bens catalogados comprende:

a) O elemento catalogado e a correspondente parcela en que se sitúa o elemento.

b) A “*área de protección*” do elemento.

2 NIVEIS DE PROTECCIÓN: Para conseguir unha adecuada protección dos bens do patrimonio arquitectónico e etnográfico, os elementos catalogados inclúense, de acordo cos seus valores, en algún dos seguintes niveis de protección:

a) NIVEL I.- PROTECCIÓN INTEGRAL

b) NIVEL II.- PROTECCIÓN ESTRUCTURAL

c) NIVEL III.-PROTECCIÓN AMBIENTAL

3 AREAS DE PROTECCIÓN: Para cada uno dos elementos catalogados establécense, nos artigos seguintes, os criterios para delimitar o área de protección de cada elemento, así como as condicións que deben cumprir as actuacións que se pretendan realizar nas mesmas.

SECCIÓN 2ª.- Niveis de protección

Artigo 31.-Nivel I.- Protección integral

1 ÁMBITO DE APLICACIÓN

a) O nivel de protección integral será de aplicación aos elementos catalogados aos que se asigna este nivel de protección na ficha correspondente do catálogo.

b) Comprende aqueles edificios, construcións e bens inmobles de natureza semellante que reúnen un excepcional valor arquitectónico ou unha relevante significación cultural ou cidadá. A mesma protección alcanza aos monumentos declarados ou incoados con base ao establecido na lexislación estatal ou autonómica sobre patrimonio cultural.

2 ACTUACIÓNS AUTORIZABLES. De conformidade co disposto no Art. 42.1 LPCG serán actuacións autorizables en elementos con nivel de protección integral as seguintes:

a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, consolidación e restauración.

b) As de rehabilitación poderán autorizarse sempre que o proxecto de intervención garanta a conservación dos valores culturais protexidos e que se trate de adaptacións necesarias para adecuar o uso orixinal aos condicionantes actuais de conservación, seguridade, accesibilidade, confortabilidade ou salubridade ou para adecuar o ben a un novo uso compatible cos seus valores culturais que garantan a súa conservación e o acceso público ao mesmo.

Artigo 32.-Nivel II.- Protección estrutural

1 ÁMBITO DE APLICACIÓN

a) O nivel de protección estrutural será de aplicación aos elementos catalogados aos que se asigna este nivel de protección na ficha correspondente do catálogo.

b) Comprende aqueles edificios e bens inmobles con valor histórico, artístico, construtivo, tipolóxico ou arquitectónico suficientemente significativo e que posúen unha elevada calidade na súa conformación arquitectónica global, tanto exterior como interior, o que determina a súa valoración singular e a súa conservación para manter as súas condicións arquitectónicas tanto volumétricas, estruturais e tipolóxicas como ambientais, sen prexuízo de que poidan realizarse obras interiores ou exteriores con elas compatibles e adecuadas ao uso pertinente, a súa estrutura e función urbana ou no medio rural.

2 ACTUACIÓN AUTORIZABLES. De conformidade co disposto no Art. 42.2 LPCG serán actuacións autorizables en elementos con nivel de protección estrutural as seguintes:

a) As de investigación, valorización, mantemento, conservación, restauración, consolidación e rehabilitación.

b) A reestruturación puntual ou parcial poderán autorizarse si a través do proxecto de intervención se xustifica a súa necesidade de forma específica e documentada e si se reducen a un alcance limitado sobre os elementos irrecuperables, que deberán ser substituídos por elementos análogos ou coherentes cos orixinais.

c) As ampliacións, en planta e en altura, de un ben inmovible no marco de unha actuación de rehabilitación, con carácter complementario a esta, sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto e que no seu deseño se conserven a súa concepción e o seu significado espacial.

d) As de reconstrución, de forma excepcional, cando se utilicen partes, elementos e materiais orixinais de os que se poda probar a súa autenticidade e posición orixinal.

Artigo 33.-Nivel III.- Protección ambiental

1 ÁMBITO DE APLICACIÓN

a) O nivel de protección ambiental será de aplicación aos elementos catalogados aos que se asigna este nivel de protección na ficha correspondente do catálogo.

b) Comprende a protección dun conxunto de arquitecturas, cultas ou populares, que polo seu grao de coherencia arquitectónica, tipolóxica e etnográfica informan da calidade xeral do patrimonio edificado ou son expresión da cultura arquitectónica tradicional e que caracterizan aos conxuntos rurais.

2 ACTUACIÓN AUTORIZABLES. De conformidade co disposto no Art. 42.3 LPCG serán actuacións autorizables en elementos con nivel de protección estrutural as seguintes:

- a) As de investigación, mantemento, conservación, consolidación, restauración, rehabilitación e reestruturación parcial ou total.
- b) As de ampliación, sempre que non supoñan un deterioro ou destrución dos valores culturais que aconsellaran a súa protección.

SECCIÓN 3ª.- Zonas de amortecemento

Artigo 34.-Delimitación das zonas de amortecemento

1 BENS CATALOGADOS: Para os bens catalogados na presente MP, establécese unha “zona de amortecemento” arredor de cada ben, que se grafía nos planos de ordenación e cuxas delimitacións obedecen aos criterios seguintes :

- a) Para establecer a delimitación do “zona de amortecemento”, pártese dunha delimitación previa que estará constituída por unha franxa cunha profundidade (de referencia) medida dende o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe de 50 metros, cando se trate de elementos etnográficos (hórreos, cruceiros, petos, muíños, etc), e de 100 metros, cando se trate de elementos arquitectónicos (mosteiros, igrexas, capelas, santuarios, cemiterios, pazos, edificios sinalados, castelos, pontes, fontes, etc).
- b) Cando varios elementos singulares se articulen nun conxunto, a área de protección trazarase a partir dos elementos máis exteriores do conxunto e abarcando á totalidade daquel.
- c) Para delimitar a “zona de amortecemento” se terán en conta as condicións de visibilidade e perspectiva do ben, así como outros aspectos ou atributos que sexan funcionalmente significativos para a protección dos valores culturais dos bens en relación co territorio.
- d) Posteriormente a delimitación previa reaxústase, en solo urbano e en solo de núcleo rural, ás zonas de ordenanza establecidas, parcelas, viario, etc , en solo rústico ás referencias físicas, elementos xeográficos e naturais (camiños, ríos, parceiro, ...).

Artigo 35.-Intervención e condicións das actuacións nas zonas de amortecemento

1 De acordo co Art. 47 LPCG, na zona de amortecemento poderá realizarse en xeral todo tipo de obras e instalacións fixas ou provisionais e as actividades normais segundo a natureza do chan ou cambiar o seu uso ou destino de conformidade co plan vixente sen necesidade da autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, agás que na declaración ou inclusión singularizada determínese o contrario.

2 Porén, polo seu alcance e o risco de deterioración ou destrución dos seus valores culturais derivados da súa implantación territorial, requirirase a autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural nas seguintes intervencións:

- a) Grandes explotacións agrícolas, gandeiras ou de acuicultura que deban ser sometidas a trámite ambiental.
- b) Explotacións extractivas que supoñan unha actividade ao descuberto do material, as súas instalacións ou escombros.
- c) Instalacións da industria enerxética como refinarías, centrais térmicas, de combustibles fósiles, hidráulicas, eólicas, solares, nucleares ou de calquera outro tipo de produción, transporte ou depósito.
- d) Instalacións da industria siderúrxica, mineira, química, téxtil ou papeleira.
- e) Infraestruturas de transporte e comunicación como estradas, ferrocarril, portos, aeroportos, canles, centros lóxicos ou similares.
- f) Grandes infraestruturas hidráulicas e de aproveitamento da auga.
- g) Instalacións de xestión e tratamento de residuos.
- h) Grandes transformacións da natureza do territorio para a implantación de novos usos.
- i) Explotacións forestais, salvo aquelas que contén cun instrumento de ordenación ou xestión aprobado informado favorablemente pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

B) NORMATIVA:

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-

- Real Decreto 2568/1986, Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais -ROF-.
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
 - Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
 - Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do só de Galicia.
 - PXOM de Chantada: aprobado definitivamente o 29 de xullo de 1985.
 - Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
 - Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.
 - Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
 - Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.
 - Decreto 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
 - Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
 - Real Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Plan para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.
 - Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas; A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia; Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
 - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español; Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
 - Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade; Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
 - Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes; Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
 - Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico (art. 5).
 - Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeneral de Telecomunicacións; Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
 - Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído; Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído; Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro polo que se desenvolve a Lei do Ruído no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas; - Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
 - Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
 - Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
 - Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
 - Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
 - Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da
 - Lei de prevención e control integrados da contaminación.
- Chantada (Lugo) 13 de xuño de 2022.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

MEIRA*Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 10 de abril do 2022, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o **2º. bimestre do exercicio 2022**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 10 de xuño do 2022 ao 10 de agosto do 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interporse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 10 de xuño do 2022.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1621

OUTEIRO DE REI*Anuncio***INICIO DE EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DEMANIAL. CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO**

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Con data de 10 de xuño de 2022, iniciouse expediente para a modificación do trazado do camiño público que se corresponde co Polígono 110 Parcela 9002. Dito camiño público, se ben se aprecia nas ortofotos de 1956, a día de hoxe non é visible.

A proposta de modificación pode consultarse no taboleiro de edictos municipal, accesible a través da dirección electrónica <https://outeiroderei.sedelectronica.gal/board>

De conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, ábrese un prazo de información pública de un mes, durante o cal o expediente poderá ser consultado na Secretaría municipal e calquer persoa poderá alegar ou suxerir o que estime oportuno, tanto sobor a conveniencia e oportunidade da alteración, como na defensa dos dereitos e intereses dos que poidan ser lexítimos titulares.

Outeiro de Rei, 10 de xuño de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1622

POL*Anuncio*

Concluindo o procedemento selectivo incluído no marco de estabilización de emprego temporal da convocatoria de unha praza vacante de administrativo no Concello de Pol, propónse o nomeamento como funcionaria de carreira a favor de dona Lucía Irimia Fernández, con D.N.I. ***4598**, tras obter unha cualificación final de 93,30 puntos.

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Pol, 13 de xuño de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1623

Anuncio

Concluindo o procedemento selectivo incluído no marco de estabilización de emprego temporal da convocatoria de unha praza vacante de auxiliar administrativo no Concello de Pol, propónse o nomeamento como funcionaria de carreira a favor de dona Inés Fernández Díaz, con D.N.I. ***7736**, tras obter unha cualificación final de 96,50 puntos.

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Pol, 13 de xuño de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1624

RIBAS DE SIL*Anuncio*

De conformidade cos artigos 112 da lei 7/85, do 2 de abril e 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello Pleno en sesión celebrada o 19.04.2022, adoptou o acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral desta entidade para o exercicio económico de 2022, que resultou definitivo ao non se ter presentado reclamacións durante o período de exposición pública.

Faise público que o Orzamento ascende en gastos a contía de 1.500.000,00 €, e no estado de Ingresos a contía de 1.500.000,00 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	623.966,15
2	Gastos correntes en bens e servizos	374.323,45
3	Gastos financeiros	5.000,00
4	Transferencias correntes	40.790,12
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Investimentos reais	321.920,28
7	Transferencias de capital	134.000,00
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----

SUMA TOTAL GASTOS: 1.500.000,00 €

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos	419.891,10
2	Impostos indirectos	17.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	127.152,31
4	Transferencias correntes	547.499,80
5	Ingresos patrimoniais	2.589,85
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Enaxenación de inversións reais	-----
7	Transferencias de capital	251.866,94
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----

SUMA TOTAL INGRESOS: 1.500.000,00 €

Na referida sesión tamén se acordou aprobar a plantilla desta Corporación que, de conformidade co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

PLANTILLA DE PERSOAL ORZAMENTOS 2022							
A) FUNCIONARIOS CARREIRA							
Denominación praza	Nº	Grupo	Sub.[3]	Nivel	Escala	Subescala	Clase
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A	A	27/28	Habilitac. Estatal	Secretaría-Intervención	
ARQUITECTO/A	1	A	A1	24	Admón. Especial	Técnica	Técnico Superior
RESPONS. XESTIÓN PERSOAL, EMPREGO E SUBVENCIÓNS	1	A	A1/A2	21	Admón. Xeral	Técnica	Técnico
TECN. XESTIÓN E EMPREGO	1	A	A2	24	Admón. Xeral	Xestión	Técnico Xestión
COORDIN. SERVIZOS SOCIAIS	1	A	A2	24	Admón. Especial	Técnica	Técnicos Medios
TRABALLADOR/A SOCIAL	1	A	A2	21	Admón. Especial	Técnica	Técnicos Medios
ADMINISTRATIVA	1	C	C1	17/19	Admón. Xeral	Administrativa	Administrativa
RESPONSABLE CONTABILIDADE E APOIO A SECRETARIA-INTERVEN.	1	C	C1/C2	19	Admón. Xeral	Administrativa ou Auxiliar	Administrativa ou Auxiliar
B) PERSOAL LABORAL FIXO							
Denominación praza	Nº	Grupo	Sub.[5]	Nivel	Escala	Subescala	Clase
OFICIAL/A SERVIZOS MÚLTIPLES	3	C	C2	13	Administración Especial	Servizos Especiais	Persoal de Oficios: Oficial/a S. Múltiples, Maquinista condutor, Seguridade e Emerxe.
AUXILIARES AXUDA NO FOGAR	7	AP	AP	12	A.P. Escala de Admón. Especial	Servizos Especiais	Persoal de Oficios: Auxiliar Axuda no Fogar
OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES LIMPADOR/A	1	AP	AP	11	A.P. Escala de Admón. Especial	Servizos Especiais	Operario/a Servizos Múltiples Limpador/a
C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL							
Denominación praza	Nº	Grupo	Sub.[7]	Nivel	Escala	Subescala	Clase
D) PERSOAL EVENTUAL							
Denominación praza	Nº	Grupo	Sub.[9]	Nivel	Escala	Subescala	Clase
RESUMO							
Funcionarios	7						
Laboral Fixo	11						
Laboral Temporal	0						
Eventual	0						
TOTAL PERSOAL:	18						

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso-administrativa.

Ribas de Sil, 13 de xuño de 2022.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 1625

O SAVIÑAO

Anuncio

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 5 bimestre do exercicio 2021, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 10 de xuño do 2022.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 1 de xullo e o 22 de agosto de 2022, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviñao. 10 de xuño 2022, O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1626

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 10 de xuño de 2022, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de maio de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 10 de xuño de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1627

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 14 de xuño de 2022, o Orzamento Xeral do Concello de Viveiro para o ano 2022, así como a plantilla de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 15 de xuño de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1642

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/02525/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. ^a Josefa Carracedo Geda

Nombre del río o corriente: Fuente Domez

Punto localización: Santa Magdalena de Fanoi

Término municipal y provincia: Abadín, Lugo

Caudal concedido: 1,70 l/s

Destino: Riego de 2,16 has.

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 18 de junio de 1996

Registro de Aguas: 5433, Sección A, en el Tomo 0055, hoja número 033

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Abadín** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense

Lugo, 13 de junio de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 1628

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/21708

Asunto: Modificación de características de la concesión

Peticionario: Granja Campomayor, S.L.

Nombre de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 0,291 l/s

Punto de emplazamiento: Ximonde, parroquia de Vilar de Donas (San Salvador)

Término Municipal y Provincia: Palas de Rei (Lugo)

Destino: Usos ganaderos (explotación avícola)

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La modificación de características consiste en anular el pozo de 170 m de profundidad, manteniendo únicamente la captación realizada del pozo de 80 m de profundidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Palas de Rei, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 13 de junio de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 1629
